



Grupo Municipal
RIBEIRA

Xosé Luís Groveiro González, concelleiro do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte **solicitude** diante da Corporación Municipal en relación **coa cobertura da TDT no concello de Ribeira.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Plan técnico da Televisión Dixital Terrestre (establecido polo RD 944/2005 do Ministerio de Industria) considera a TDT como un **servizo público esencial** para a cidadanía. Este Plan, que prevé unha cobertura final (sinalada inicialmente para o ano 2010) próxima ó 95/98% da poboación, promove a utilización das actuais infraestruturas da TV analóxica para a instalación dos novos emisores dixitais e contempla tamén (adicional 12ª) a participación local na extensión da cobertura.

Son coñecidas as deficiencias na recepción da TV analóxica que diversas zonas do concello de Ribeira padecen desde hai moitos anos, nomeadamente amplas zonas das Parroquias de Oleiros, Artes, Olveira e mesmo do centro urbano. O BNG ten reclamado diante do Goberno Municipal a corrección destas deficiencias mediante diferentes iniciativas como a presentada en Marzo de 2005 que fora aprobada por unanimidade. Co paso do tempo mantense a cobertura das TV practicamente na mesma situación de deficiencia. Como administración máis próxima á cidadanía o Concello de Ribeira, e concretamente o seu Goberno Municipal, ten a responsabilidade de realizar as xestións e tomar as medidas necesarias para garantir á súa poboación a máxima cobertura deste servizo básico esencial que será nun futuro inmediato a TDT. A tecnoloxía actual dispoñible e a colaboración institucional permítenos perseguir unha cobertura do 100% dos núcleos de poboación do noso concello co obxectivo de acadar a cobertura universal das redes públicas de radiodifusión e rematando así ca discriminación por motivos xeográficos.

Por estas razóns o Grupo Municipal do BNG

SOLICITA:

- 1.- Que o Goberno Municipal realice un estudo técnico de cobertura da TDT no Concello de Ribeira coa determinación das necesidades de equipamentos para proporcionar cobertura a todos os núcleos de poboación do noso concello.
- 2.- Que o Goberno Municipal xestione ou proceda á instalación por propia iniciativa dos equipamentos precisos que o estudo técnico determine para proporcionar cobertura a todos os núcleos do concello.

Ribeira, 21 de decembro de 2007


Asdo.: Xosé Luís Groveiro González

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA